Programación Francés 2018-2019

ÍNDICE

INTRODUCIÓN 5

CONTEXTUALIZACIÓN 6

DATOS DO CENTRO EDUCATIVO 6

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO 6

AGRUPAMENTO DO ALUMNADO 7

E.S.O. 8

OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA 8

METODOLOXÍA DIDÁCTICA NA ESO 9

PRINCIPIOS XERAIS E CONCRECIÓN METODOLÓXICA 9

ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE A DESENVOLVER POLO PROFESORADO PARA ACADAR OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, ASÍ COMO A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE 10

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

LIBROS DE TEXTO PARA O CURSO 2018/2019 14

MATERIAIS E RECURSOS COMPLEMENTARIOS 14

1º ESO /FRANCÉS 1ª LINGUA ESTRANXEIRA 16

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS XERAIS 16

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE 17

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES PARA 1º ESO/1ª LINGUA ESTRANXEIRA 74

DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CONTIDOS 76

1º ESO /FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA 78

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS XERAIS 78

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE. 79

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES PARA 1º ESO/2ª LINGUA ESTRANXEIRA 94

DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CONTIDOS 96

2º ESO/ FRANCÉS 1ª LINGUA ESTRANXEIRA 97

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS XERAIS 97

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE 98

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES PARA 2º DE ESO/FRANCÉS 1ª LINGUA 135

DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CONTIDOS 137

2º ESO/ FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA 138

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS XERAIS 138

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE 139

DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CONTIDOS E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES 155

3º ESO/ FRANCÉS 1ª LINGUA ESTRANXEIRA 157

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS XERAIS 157

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE 158

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES PARA 3º DE ESO/1ª LINGUA 196

DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CONTIDOS 198

3º ESO/ FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA 200

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS XERAIS 200

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE 201

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES PARA 3º DE ESO/2ª LINGUA 237

DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CONTIDOS 240

4º ESO/FRANCÉS 1ª LINGUA ESTRANXEIRA 242
OBXECTIVOS DIDÁCTICOS XERAIS 242
CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE 243
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES PARA 4º DE ESO/1ª LINGUA 280
DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CONTIDOS 282

4º ESO/ FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA 284
OBXECTIVOS DIDÁCTICOS XERAIS 284
CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE 284
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES PARA 4º DE ESO/ 2ª LINGUA 322
DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CONTIDOS: 323

BACHARELATO 326

OBXECTIVOS XERAIS PARA O BACHARELATO 326

OBXECTIVOS XERAIS PARA A MATERIA DE FRANCÉS NO BACHARELATO 327

METODOLOXÍA NO BACHARELATO E CONCRECCIÓN METODOLÓXICA 328

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS 332
LIBROS DE TEXTO PARA O CURSO 2018/2019 332
MATERIAIS E RECURSOS COMPLEMENTARIOS 332

1º BACHARELATO/FRANCÉS 1ª LINGUA ESTRANXEIRA 333
OBXECTIVOS DIDÁCTICOS 333
CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE 335
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES PARA 1º DE BACH./ 1ª LINGUA 453
TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS 454

1º BACHARELATO/ FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA 457
OBXECTIVOS DIDÁCTICOS 457
CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE 463
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES PARA 1º DE BACHARELATO / 2ª LINGUA 582
TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS 584

2º BACHARELATO/ FRANCÉS 1ª LINGUA ESTRANXEIRA 585
OBXECTIVOS DIDÁCTICOS 585
CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE 586
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES PARA 2º DE BACHARELATO/ 1ª LINGUA 721
TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS 723

2º BACHARELATO/ FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA 724
OBXECTIVOS DIDÁCTICOS 724
CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE 746
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES PARA 2º DE BACHARELATO/ 2ª LINGUA 798
TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS 799

AVALIACIÓNS 801

AVALIACIÓN INICIAL 801

AVALIACIÓN CONTINUA 803

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 803

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA 807

RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE 807

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E DA PRÁCTICA DOCENTE: 808

Indicadores de logro do proceso de ensino 809

Indicadores de logro da práctica docente e da programación didáctica 810

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE *812*
ELEMENTOS TRANSVERSAIS E CONCRECIÓN *813*
CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE *817*
CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN LECTOR *820*
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES *822*

INTRODUCIÓN

A presente programación didáctica de Lingua francesa toma como base as directrices do **Decreto 86/2015** de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, o **Real Decreto 1105/2014** do 26 de decembro e o artigo 26 da **resolución do 22 de maio de 2018**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

O desenvolvemento dos currículos das distintas linguas incorpora unha referencia expresa ao plurilingüismo, na medida en que a competencia en cada lingua interactúa e se enriquece co coñecemento das outras linguas, e contribúe a desenvolver destrezas e capacidades que son a base da competencia en comunicación lingüística. Isto, e a alusión igualmente explícita a actitudes interculturais de respecto a diferentes xeitos de expresarse e actuar, promove o desenvolvemento simultáneo do plurilingüísimo e da interculturalidade.

Xa que logo, tanto na educación secundaria obrigatoria como no bacharelato é especialmente salientable que a aprendizaxe das distintas linguas establecidas no currículo destas etapas se trate de xeito integrado, e dea continuidade ao proceso de fomento do interese por outras linguas e culturas distintas da propia e promova o respecto cara ás persoas falantes desas linguas.

Por outra parte, o aumento das relacións Internacionais por motivos educativos, laborais, profesionais, culturais, turísticos ou de acceso a medios de comunicación, entre outros, fai que ou coñecemento de linguas estranxeiras sexa unha necesidade crecente na sociedade actual.

O dominio de linguas estranxeiras implica a posibilidade de acceder a outras culturas, costumes e idiosincrasias, ao mesmo tempo que fomenta as relacións interprofesionais, favorece unha formación integral do individuo, e desenvolve o respecto por outros países, polos seus falantes e polas súas culturas. Permítenos, ademais, comprender mellor a nosa propia lingua.

O Consello de Europa establece un marco de referencia común europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, indicando que, para desenvolver progresivamente a competencia comunicativa nunha determinada lingua, o alumnado debe ser capaz de levar a cabo unha serie de tarefas de comunicación. As tarefas de comunicación configuran un conxunto de accións que teñen unha finalidade concreta dentro dun ámbito específico.

A integración na Unión Europea de países falantes de linguas diversas fai necesario o coñecemento de linguas estranxeiras para facilitar a comunicación entre os membros desta ampla comunidade. Neste contexto, recoñécese o papel das linguas estranxeiras como elemento clave na construción da identidade europea: unha identidade plurilingüe e multicultural, ao mesmo tempo que é un dos factores que favorece a libre circulación de persoas e facilita a cooperación cultural, económica, técnica e científica entre os países.

0 alumnado empregará estratexias de comunicación de forma natural e sistemática co fin de facer eficaces os actos de comunicación realizados a través das destrezas comunicativas. Estas serán: produtivas (expresión oral e escrita), receptivas (comprensión oral, escrita e interpretación de códigos non verbais) e baseadas na interacción ou mediación.

O alumno ou alumna non só debe acadar unha competencia gramatical senón que ten que saber empregar as estruturas máis axeitadas aos diferentes contextos en que a comunicación ten lugar.

Suliñamos ademais outro aspecto: a lingua oral non se tomará como obxectivo secundario respecto da escrita. Ambos planos compleméntanse perfectamente e xa no primeiro contacto coa lingua estranxeira, o alumno que se inicia no seu estudio precisa de comunicarse tanto na fala como na escrita cos demais.

De todas as maneiras queremos recalcar que neste proxecto didáctico non pretendemos presentar unhas pautas metodolóxicas ríxidas e inalterables pois pensamos que a axuda pedagóxica que se lle presta ao alumnado no proceso da aprendizaxe do francés debe responder ás súas necesidades comunicativas tanto como ao cumprimento dos obxectivos propostos para cada nivel e deberá adaptarse ao nivel real de cada grupo. As directrices marcadas pola Consellería de Educación para o ensino da lingua estranxeira como primeira e segunda língua axudarán aos membros do Departamento a seguir unha liña común aínda que respectando uns límites flexibles determinados polas características do grupo/clase.

Procuraremos que os libros de texto, os de lectura complementaria, o material audiovisual, revistas, internet e outro material didáctico do que dispoñemos sexa atractivo e motive o máis posible o alumnado.

Finalmente queremos indicar e precisar que na ESO a materia de Francés, segunda lingua estranxeira dispón dun horario semanal de dúas sesións, agás en 4º de ESO, no que consta de tres sesións; este horario, a vista dos contidos e competencias programados, resulta claramente insuficiente.

CONTEXTUALIZACIÓN

DATOS DO CENTRO EDUCATIVO

O IES Otero Pedrayo é un centro educativo de titularidade pública, dependente da Consellería de Eucación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Neste centro impártense ensinanzas de Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato (modalidades Científico-tecnolóxica, Humanidades e Ciencias Sociais) e Educación para adultos.

O centro está ubicado no casco antiguo da cidade de Ourense, encravado no casco vello de Ourense, a rentes do xardín do Posío.

A actividade docente, dado o gran número de alumnos da zona, desenvólvese principalmente no edificio que naceu para Centro Provincial de Instrucción de Ourense no último tercio do s. XIX. Na actualidade, como espazo anexo utilízase un antigo colexio de Primaria, adaptado e modernizado, situado mesmo na outra beira da rúa Padre Feixoo.

O centro ten máis de 700 alumnos e 71 profesores entre diurno e nocturno.

Destacamos do noso instituto o seu interese polo plurilingüismo xa que temos seccións bilingües en inglés (bioloxía e matemáticas) e grupos de francés 1ª lingua estranxeira en tódolos cursos.

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

No presente curso compoñen o departamento os seguintes profesores e profesoras:

- Profesorado asignado ao departamento de francés:

Susana IGLESIAS RIVERA, profesora con destino definitivo: 20h/semana

Nathalie CHOULI RODRÍGUEZ, PES provisional: 19h/semana

Sophie MONBOISSE, xefa do departamento: 17h/semana

- Profesorado asignado ao departamento de galego:

Jaime BLANCO QUIÑOY, PES provisional : 5h/semana

Este ano contamos tamén cunha auxiliar de conversa: Juliette VERNHES.

AGRUPAMENTO DO ALUMNADO

No centro impártese a materia de Francés como primeira e segunda lingua estranxeira, nos cursos e grupos que se indican a continuación:

RÉXIME DE ESTUDOS DIÚRNO		
	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	**SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA**
CURSO	Número de grupos	Número de grupos
1º ESO	1	3
2º ESO	1	4
3º ESO	1	2
4º ESO	1	2
1º BACHARELATO	1	2
2º BACHARELATO	1	2
RÉXIME DE ESTUDOS NOCTURNO		
1º BACHARELATO	0	1
2º BACHARELATO	1	1

E.S.O.

OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

m) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

n) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA NA ESO

PRINCIPIOS XERAIS

A metodoloxía empregada na ESO será activa e participativa e tentará favorecer, ademais do logro dos obxectivos e das competencias correspondentes, o traballo individual e cooperativo do alumnado.

O currículo básico propuesto pola LOMCE, que recolle as recomendacións do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas está orientado á acción, é dicir, a desenvolver no alumnado a capacidade de inegrar e de pór en xogo as actitudes, os coñecementos e las destrezas que le permitan comunicarse en situacións específicas no mundo real.

O profesor será o guía no proceso de ensino-aprendizaxe e, para que este sexa eficaz, tomarase como referencia o nivel actual do alumnado, é dicir, os coñecementos previos. O profesor deberá recordalos e activalos de forma sistemática, xa que sobre eles se asentarán os novos. A aprendizaxe será unhas veces por facilitación de contidos de xeito ordenado por parte do profesor e outras por descubrimento do propio alumno.

Asemade, terase en conta a diversidade do alumnado presente na aula para garantir o desenvolvemento de todos e cada un dos alumnos/as, procurando unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Por outra parte, dado que o grao de motivación afecta ao rendemento, procurarase incrementalo, sobre todo facendo explícita a utilidade dos contidos. Fomentarase o traballo en grupo, elixindo a actividade e o momento para a súa realización, xa que facilita o intercambio de experiencias e a cooperación.

Dedicarase tempo á lectura de textos de diferente tipo, adaptados ao nivel de lingua do alumnado, coa finalidade de promover a comprensión lectora e o uso da información.

A lingua estranxeira será abordada na aula dende un enfoque comunicativo e intercultural, coa finalidade de lograr non só a competencia comunicativa do alumnado en todos e cada un dos seus ámbitos (comprensión e expresión orais e escritas) senón tamén coa finalidade de formar cidadáns e cidadás capaces de reflexionar sobre os mecanismos de uso das diferentes linguas que coñecen, de interpretar e valorar as semellanzas e diferencias lingüísticas e culturais existentes entre as realidades representadas por esas linguas e de valorar a identidade propia a partires do recoñecemento doutras realidades.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

- A **comprensión oral**: Ao longo da Secundaria, e sobre todo en 1º, nas situacións de comunicación oral, antes de chegar á expresión propiamente dita, formúlase, nun primeiro momento, o proceso que vai da recepción ou exposición da lingua á comprensión ou acceso ao sentido. Para chegar a comprender, é importante que o alumno/a sexa obxecto dunha exposición á lingua ou máis ampla e variada posible (gravacións, o profesor, os demáis compañeiros, etc.) para que, á súa vez, poida elaborar hipóteses de sentido que irá verificando mediante a interacción. Este prodecemento mantense ao longo de toda a etapa, se ben o grao de dificultade dos contidos vai en aumento en función do nivel acadado polos alumnos e do establecido polos contidos mínimos.

  Entre as actividades destinadas a descubrir a comprensión oral, cabe mencionar as seguintes: busca de informacións globais ou específicas, discriminacion auditiva de fonemas, actividades de relacionar, repeticións, verdadeiro/falso, completar ocos, etc.

- A **comprensión escrita**: Traballaranse tipos variados de textos escritos: Os textos que acompañan as diferentes unidades; textos curtos (cartas, anuncios, carteis, folletos, descricións, cancións, diálogos, etc); breves narracións, atractivas, que intenten captar o interese do alumno e fomentar o seu desexo de ler.

  Entre as actividades destinadas á comprensión escrita, cabe mencionar as seguintes: busca de informacións globais ou específicas, actividades de relacionar, verdadeiro/falso, clasificación de informacións, cuestionarios, completar ocos, etc.

- A **expresión oral**: Trátase de estimular o uso do francés na aula mediante unha grande variedade de actividades para a práctica da expresión oral, xa sexan individuais, por parellas, en pequeno grupo, en grupo-clase, tanto cos demais compañeiros coma co profesor (Diálogos a partir dun contexto determinado, simulación de diferentes situación de comunicación da vida real, recitado de poemas, cancións, lecturas diversas en voz alta poñendo fincapé na correcta pronunciación e na entoación axeitada, etc…)

- A **expresión escrita**: Proporánse actividades guiadas, que irán aumentando en dificultade segundo os niveis, do tipo: Écris des phrases… Complète avec.. Écoute et complète.. e actividades libres: cartas, redaccións breves, traballos, pósters, resumos, etc.

ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE A DESENVOLVER POLO PROFESORADO PARA ACADAR OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, ASÍ COMO A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

A aprendizaxe do francés debe de ser un proceso consciente. Neste sentido o profesor, ademais de propor ao alumnado tarefas que teñan como obxectivo que o alumno sexa consciente de ata que punto aprende e como desenvolve dita aprendizaxe, proporcionaralle tamén consellos, ideas e estratexias concretas para axudarlle neste proceso.

Estratexias xerais

Para que a aprendizaxe da lingua sexa significativa debe existir unha acomodación entre a estrutura cognitiva do/a alumno/a e os valores, ideas, conceptos ou actitudes que ten que asimilar. Para isto hai que ter en conta os coñecementos ou actitudes previas dos/as alumnos/as como resultado de experiencias anteriores. Cada vez que o/a profesor/a de lingua comeza a sua labor cun grupo de alumnos/as ten que partir dos preconceptos, ideas, valores ou coñecementos previos que teñen os alumnos/as.

Agás en 1º da ESO, curso no que polo xeral os alumnos empezan a estudar a lingua francesa, os alumnos teñen coñecementos previos desta lingua adquiridos en cursos anteriores. O profesor deberá, xa que logo, ofrecerlles aos alumnos os contidos, as estratexias, as condicións e as motivacións necesarias para que perfeccionen progresivamente ou coñecemento e o uso da lingua francesa.

O enfoque que se dará ao ensino-aprendizaxe da lingua francesa debe ser:

- **Funcional e comunicativo**: Presentaranse como punto de partida aos alumnos situacións reais de comunicación, orais ou escritas, nas que os/as alumnos/as teñan a oportunidade de participar como emisores e como destinatarios para posteriormente analizalas e conceptualizalas.
- **Activo e participativo**: O profesor empregará todos aqueles recursos didácticos que considere axeitados para procurar que os alumnos empreguen a lingua francesa como lingua de comunicación na aula, tanto para comunicarse co profesor como cos demáis compañeiros, fomentando a participación e o sentido da iniciativa. Os erros serán considerandos como parte natural do proceso de aprendizaxe.

A reflexión sobre a lingua partirá de situacións concretas de comunicación, tanto orais como escritas, sendo estas a base para achegarse ao análise da lingua. O/a profesor/a procurará situacións de aprendizaxe, é dicir, situacións concretas de lingua (oral e/ou escrita) nas que o alumno/a deberá participar ou que o alumno/a deberá analizar e comentar e que, ao mesmo tempo, lle poidan servir para reflexionar sobre os compoñentes de natureza lingüística e textual coa finalidade de aplicalos na comprensión e elaboración de mensaxes propias.

O/a profesor/a insistirá na formulación axeitada das mensaxes e velará porque sexan emitidas cun mínimo de corrección fonética e coa entoación esixida pola situación de comunicación en concreto (prestando especial atención naqueles elementos que sexan diferentes da lingua materna), cun mínimo de corrección gramatical que non dificulte a comprensión da mensaxe e cun léxico axeitado e preciso (de acordo co nivel).

O /a profesor/a fomentará, tamén, a creatividade a través de actividades como participación en diálogos nos que se reproduzan situacións diversas de comunicación da vida cotiá, elaboración de materiais diversos por parte dos alumnos (cartas postais, cartes de voeux, pósters, árbores xenealóxicas, redaccións, poemas, presentacións pps, etc.)

Estratexias específicas por competencias comunicativas

Comprensión oral:

O profesor empregará preferentemente a lingua francesa como medio de comunicación na aula, sempre cun nivel de lingua axeitado ao grao de coñecemento dos alumnos, salvo naqueles casos nos que considere que se dificulta a comunicación ou a correcta comprensión da mensaxe.

Ofreceranse aos alumnos situacións de comunicación oral diversas, axeitadas ao seu nivel de lingua, coa finalidade de que se familiaricen con elas e sexan capaces de comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles esenciais ou específicos de cada situación de comunicación en concreto e apliquen as estratexias básicas de comprensión (coñecementos previos da situación, elementos extralingüísticos, etc.)

Empregaranse materiais audiovisuais diversos, tanto os incluidos no método como aqueles complementarios que o profesor considere axeitados (cancións tradicionais ou actuais, emisións de radio ou televisión, películas, publicidade, etc.), preferentemente acompañados de fichas didácticas elaboradas para traballar un aspecto lingüístico concreto.

Expresión oral:

Proporáse ao alumnado a participación activa en diferentes situacións de comunicación sinxelas, adaptadas ao seu nivel de coñecementos e que teñan como base situacións da vida cotiá, temas de actualidade ou de interese para o alumnado e coñecementos diversos.

Realizaranse actividades diversas (audición e repetición de sons, palabras e/ ou frases; repetición de frases cambiando a entoación, memorización de poemas, refráns e/ou cancións, lectura en voz alta, etc…) que teñan como finalidade o afianzamento da entoación propia da lingua francesa así como a correcta pronunciación dos fonemas propios desta lingua, facendo especial fincapé nos fonemas inexistentes na lingua materna.

Fomentarase a participación activa e voluntaria do alumnado en todas aquelas situacións de comunicación que se produzan na aula.

Comprensión escrita:

Proporase ao alumnado a lectura de textos escritos de temas diversos, adaptados á idade, nivel de lingua e intereses dos alumnos e que teñan como finalidade o emprego das estratexias axeitadas para a comprensión do sentido xeral ou de información específicas da situación do texto en concreto.

Ofreceranse exemplos de textos escritos en niveis de lingua diferentes para que o alumno reflexione sobre o nivel de lingua axeitado a cada situación de comunicación.

Ofreceranse exemplos de textos diferentes segundo a estrutura (formularios, enquisas, cartas formais e informais, blogues, páxinas web, etc) ou a intencionalidade (recabar información, expor ideas, informar, divertir, etc.)

Proporase a lectura de fragmentos de obras literarias ou de obras literarias completas, segundo os niveis, coa finalidade de favorecer o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua e de desenvolver a capacidade crítica e creativa do alumnado.

Expresión escrita:

Facilitarase ao alumnado os recursos necesarios para redactar textos de diverso tipo, adaptados ao nivel de lingua dos alumnos, e que lles permitan expresarse por escrito en situacións de comunicación da vida cotiá.

Proporase a elaboración de diversos tipos de escritos, tanto formais como informais, de dificultade axeitada ao nivel de lingua dos alumnos, dificultade que irá aumentando progresivamente ao longo da etapa coa finalidade de incrementar a competencia comunicativa do alumnado no eido da expresión escrita.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

LIBROS DE TEXTO PARA O CURSO 2018/2019

Francés 1º lingua estranxeira:

1º ESO: *TOUS ENSEMBLE 1. Ed. Vicens Vives (Livre de l'élève et Cahier d'exercices)*

2º ESO: TOUS ENSEMBLE 2. Ed. Vicens Vives (Livre de l'élève et Cahier d'exercices)

3º ESO: *TOUS ENSEMBLE 3. Ed. Vicens Vives (Livre de l'élève et Cahier d'exercices)*

4º ESO : *TOUS ENSEMBLE 4. Ed. Vicens Vices (Livre de l'élève et Cahier d'exercices)*

Francés 2ª lingua estranxeira:

1º ESO: *TOUS ENSEMBLE 1. Ed. Vicens Vives (Unités 0 à 3) (Livre de l'élève et Cahier d'exercices)*

2º ESO: TOUS ENSEMBLE 1. *Ed. Vicens Vives (Unités 4, 5 et 6) (Livre de l'élève et Cahier d'exercices)*

3º ESO*: TOUS ENSEMBLE 2. (Livre de l'élève et Cahier d'exercices)*

4º ESO*: TOUS ENSEMBLE 3. Ed. Vicens Vives (Livre de l'élève et Cahier d'exercices)*

MATERIAIS E RECURSOS COMPLEMENTARIOS

Ademais do libro de texto e o Cahier d'exercices, o profesor empregará todos aqueles materiais e recursos didácticos que considere axeitados para cada nivel, como poden ser:

Lecturas diversas de libros e/ou textos escollidos, adaptados ao nivel de lingua en concreto e de temáticas que sexan atractivas para o alumnado e fomenten o seu interese pola lectura e pola aprendizaxe da lingua francesa.

Visionado de películas, fragmentos de películas, curtametraxes e todo aquel material audiovisual relacionado cos contidos estudados que o profesor considere axeitado (émissions radiophoniques, téléjournaux, clips vidéo, documentaires, publicités…), preferentemente acompañados de fichas pedagóxicas que permitan traballar aspectos diferentes da lingua (vocabulaire, grammaire, civilisation, etc.)

Audición de cancións tanto clásicas como actuais, preferentemente acompañadas de fichas pedagóxicas que permitan traballar aspectos diferentes da lingua (vocabulaire, grammaire, civilisation, etc.)

Pósters, tarxetas de felicitación, imaxes, representacións de fragmentos teatrais, escenificación de situacións de comunicación, e todos aqueles recursos que favorezan a aprendizaxe de lingua e estimulen o seu emprego.

Novas tecnoloxías: En 1º e 2º de ESO, ao formar parte do proxecto Abalar, os alumnos contan na aula con ordenadores e pizarra dixital que poderán ser empregados para reforzar a aprendizaxe dos contidos mediante consulta de blogues e webs interesantes, búsqueda de información na rede, xogos educativos, etc. No resto dos cursos contamos en todas as aulas com pizarra dixital, proxector e altofalantes que nos sirven como medio para traballar fundamentalemente a expresión e comprensión oral.

1º ESO /FRANCÉS 1ª LINGUA ESTRANXEIRA

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS XERAIS

1. Escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

2. Expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.

3. Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e empregar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.

4. Escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas utilizando recursos axeitados de cohesión e coherencia.

5. Utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.

6. Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe, e transferirlle á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

7. Utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.

8. Apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.

9. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

10. Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

UNIDADE 0/1:

Obxectivos didácticos

- Aprender as frases e o vocabulario de uso habitual na aula.
- Saber saúdar e despedirse.
- Aprender a preguntar a outra persoa cómo está.
- Saber presentarse e aprender a presentar a outra persoa.
- Identificar un obxecto ou unha persoa.
- Pedir e dar un número de teléfono.
- Saber deletrear unha palabra.
- Saber contar de cero a vinte.
- Aprender o alfabeto.
- Aprender os pronomes persoais suxeito.
- Familiarizarse co uso dos artigos definidos e indefinidos.
- Coñecer a formación do feminino e do plural.
- Conxugar o presente de indicativo do verbo *être*.
- Conxugar o presente de indicativo dos verbos do primeiro grupo e aprender as súas particularidades.
- Coñecer o concepto de *Francophonie*.

Contidos, Criterios De Avaliación, Estándares de Aprendizaxe e Competencias Clave

BLOQUES 1 Y 5		
Contidos	**Crit. de Evaluación**	**Estánd. de Aprend. e Comp. Clave**
– Audición dun texto oral e identificación das afirmacions verdadeiras e falsas sobre o seu contido. – Familiarización có léxico propio do entorrno escolar a partir da escoita de audios con soporte escrito. – Comprensión e asimilación da forma de deletrear unha palabra.	1. Recoñecer léxico oral de uso común en entornos inmediatos e situacións da vida cotián.	1.1 Escoita e asimila o nome de obxetos de entornos inmediatos. *Aprender a aprender*.
– Familiarización cós sons e dicción propios da lingua francesa. – Escoita activa dos números e das letras do alfabeto.	2. Identificar os sons, a entonación e os patróns sonoros propios da lingua francesa.	2.1 Recoñece e asimila a pronunciación das letras e grupos de letras. *Aprender a aprender.*
– Escoita activa e comprensiva diálogos e conversacións có soporte de textos escritos. – Actividades de comprensión oral.	3. Identificar e interpretar o contido dás informacións máis relevantes dun texto oral.	3.1 Escoitar e interpretar textos orais có soporte dun texto escrito. *Aprender a aprender*. 3.2 Interpretar textos orais y realizar actividades de comprensión. *Sentido da Iniciativa e Espíritu emprendedor*.
BLOQUES 2 Y 5		
Contidos	**Crit. de Evaluación**	**Estánd. de Aprend. y Comp. Clave**
– Uso de expresións básicas de comunicación oral: saudar, despedirse, presentarse e identificar cousas. – Asimilación e aplicación de estructuras de presentación en diferentes situacións da vida cotián.	1. Reproducir e empregar estructuras propias da lingua oral en situacións cotias.	1.1 Comunicarse emprgeando fórmulas para presentarse, preguntar ou dialogar. *C. Soc. y Cívic*.
– Repetición e reproducción de textos orais. – Reproducción ca pronunciación e entonación adecuadas das letras do alfabeto e números do 1 o 20.	2. Pronunciar correctamente e cunha boa dicción letras, palabras o textos breves.	2.1 Reproduce e repite palabras, letras ou grupos de letras que escoitou previamente. *Aprender a aprender.*
BLOQUES 3 Y 5		
Contenidos	**Crit. de Evaluación**	**Estánd. de Aprend. y Comp. Clave**
– Comprensión de cómics e textos sinxelos ilustrados sobre situacións da vida cotiián.	1. Observar e empregar imáxes para favorecer a comprensión dun texto.	1.1 Relacionar textos cás ilustracións có acompañan e interpretar cómics e textos discontinuos. *Aprend. a apr*.
– Lectura de diálogos y conversacións. – Identificación da veracidade ou falsedade de afirmaciós relativas a un texto. – Lectura comprensiva de textos expositivos.	2. Interpretar o contido de textos escritos de diversa tipoloxía.	2.1 Ler comprensivamente textos diversos e completar actividades sobre os mesmos. *Aprend. a apr.*
BLOQUES 4 Y 5		
Contidos	**Crit. de Evaluación**	**Estánd. de Aprend. y Comp. Clave**

– Escritura correcta dó nome de obxetos propios dó entorno escolar. – Compleción de actividades sobre os artigos, os pronomes, o xénero das palabras. – Escritura de fórmulas de saúdo e diálogos.	1. Asimilar e reproducir a escritura de palabras e expresións de uso cotián.	1.1 Coñocer nomes de uso cotián e reproducilos con corrección ortográfica. *Aprender a apr*.
– Escritura de fórmulas de saúdo e diálogos. – Uso dos tempos dó presente de Indicativo.	2. Redactar textos de diversa tipoloxía e dificultade relacionados ca vida cotián ou cá actividade académica.	2.1 Escribe textos breves y sinxelos sobre temas ou situacións da vida cotián. *C. Soc. y Cívic.*

Estándares de Aprendizaxe e Descriptores para o seguimento dos Estándares.

BLOQUES 1 Y 5	
Estándares de Aprendizaje	**Descriptores**
1.1 Escoita e asimila o nome de obxetos de entornos inmediatos. *Aprender a aprender*.	– Recoñece e memoriza o nome de obxetos do entorno escolar. *Livre Élève*-P. 12, A. 1. – Comprende e asimila formas de comunicación para saudar e despedirse. LE-P. 14, *Communication*.
2.1 Reconoce e asimila a pronunciación de letras y grupos de letras. *Aprender a aprender.*	– Coñece a pronunciación das letras do alfabeto. LE-P. 19, *L'alphabet*. – Identifica e diferencia palabras cunha pronunciación moi similar. LE-P. 19, A. 7.
3.1 Escoita e interpreta textos orais có soporte dun texto escrito. *Aprender a aprender*.	– Realiza unha audición e interpreta un diálogo a vez que lee texto reproducido nun audio. LE-*Das la cour…* – Escoita e recoñece o nome de obxetos escolares con ayuda de textos escritos e imágenes. LE-P. 13, A. 2.
3.2 Interpreta textos orais e realiza actividades de comprensión. *Sentido de la Iniciativa y Espíritu emprendedor*.	– Escucha diálogos e identificar a veracidade ou falsedad e de afirmacións sobre os mesmos. LE-P. 11, A. 1. – Entende cómo se deletrea unha palabra. LE-P. 15.

BLOQUES 2 Y 5	
Estándares de Aprendizaje	**Descriptores**
1.1 Comunicarse empregando fórmulas para presentarse, preguntar ou dialogar. *C. Soc. y Cívic*.	– Coñece e emprega fórmulas habituais para presentarse e saudar a outras persoas. LE-P. 14, A. 1. – Pregunta o nome de obxetos empregando correctamente a estructura dá interrogación. LE-P. 15, A. 2.
2.1 Reproduce e repite palabras, letras ou grupos de letras que escoitou previamente. *Aprender a aprender.*	– Reproducir con una buena pronunciación números de un audio. *Cahier Exercices*-P. 11, A. 1. – Repite palabras de uso cotián que escoitou previamente. CE-P. 11, A. 3.
BLOQUES 3 Y 5	
Estándares de Aprendizaje	**Descriptores**
1.1 Relaciona textos cás ilustracións có acompañan e interpreta cómics e textos discontinuos. *Aprend. a apr*.	– Asocia o nome dun obxeto a unha imaxe. LE-P. 12, A. 1. – Lee un cómic axudándose de debuxos e elementos visuais para comprender o texto. LE-P. 14.

2.1Ler comprensivamente textos diversos e completa actividades sobre os mesmos. *Aprend. a apr.*	– Lee un texto sobre la francophonie e identifica la veracidad de afirmaciones sobre su contenido. LE-P. 21, A. 1. – Ler e interpretar información sobre Francia en Internet para completar actividades. CE-P. 25, A. 3, 4.
BLOQUES 4 Y 5	
Estándares de Aprendizaje	**Descriptores**
1.1Coñece nomes de uso cotián e os reproduce con corrección ortográfica. *Aprender a apr*.	– Escribe o nome dunha serie de obxetos do entorno escolar reproducirlos en fotos. CE-P. 5, A. 1. – Completa palabras de obxetos escolares cás letras que faltan. LE-P. 13, A. 3.
2.1Escribe textos breves e sinxelos sobre temas ou situacións da vida cotidiana. *C. Soc. y Cívic.*	– Responde preguntas por escrito sobre o contido dun audio. CE-P. A. 4, A. 1. – Contestar de forma afirmativa e negativa a unha serie de preguntas. CE-P. 17, A. 2.

Metodoloxía: Actividades e estratexias de ensino e aprendizaxe

Traballarase a comprensión oral mediante a audición de varios diálogos desenvolvidos en clase, coa finalidade de familiarizarse coas expresións de uso habitual no contexto académico. Resolveranse exercicios relacionados coa súa comprensión e reproduciranse diálogos de forma individual ou en grupo para mellorar a dicción. Profundaremos nesta competencia coa pronuncia dos números do cero ao vinte e do alfabeto.

Practicarase a expresión oral en base á audición dalgúns diálogos nos que o alumno aprenderá a saudar, despedirse, presentarse e presentar a outra persoa. Acto seguido reproduciranse estas situacións conversando con outros alumnos.

Traballarase o vocabulario básico relacionado cós elementos habituais nunha clase mediante a audición dun texto oral e a súa identificación nun debuxo ou imáxenes reais.

Analizaranse varios aspectos da gramática francesa mediante exercicios de compleción de frases, detección e corrección de erros e relación e ordenación de elementos..

Traballarase a comprensión escrita a través da lectura dun texto dedicado á francofonía, coa finalidade de asimilar os aspectos gramaticais analizados.

UNIDADE 2

Obxectivos didácticos

Pedir e dar a idade.
Preguntar e responder sobre a procedencia xeográfica dunha persoa.
Pedir a outra persoa a confirmación da súa nacionalidade.
Falar sobre as materias escolares e a xestión do tempo.
Preguntar e responder sobre as preferencias e os gustos das persoas.
Saber expresar entusiasmo.
Aprender o vocabulario relacionado coas viaxes arredor do mundo.
Saber contar do vinteún ao sesenta e nove.
Aprender o uso do acento tónico e ortográfico.
Aprender os pronomes persoais tónicos.
Familiarizarse coa forma interrogativa e negativa.
Coñecer a función dos adxectivos posesivos e sabelos empregar.
Coñecer a formación do feminino.
Conxugar o presente de indicativo do verbo *avoir*.
Conxugar o presente de indicativo dos verbos do terceiro grupo.
Coñecer os aspectos básicos da civilización francesa.

Contidos, Criterios de Avaliación, Estándares de Aprendizaxe e Competencias Clave por Bloques

BLOQUE 1

Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprend.	C.Clave
– Familiarización co léxico propio da xeografía mundial a partir da escoita de audios con soporte escrito. – Comprensión e asimilación da forma de pedir informacións persoais. – Escoita activa dos números e diferenciación fonética do acento tónico e o acento ortográfico. – Familiarización cos sons e a dicción propios da lingua francesa.	1. Recoñecer léxico oral de uso común en entornos inmediatos e situacións da vida cotiá.	1.1 Escoita e asimila o nome de elementos do entorno. 1.2 Recoñece e asimila a pronunciación de letras e grupos de letras.	CAA CAA
– Escoita activa e comprensiva de diálogos e conversacións co soporte de textos escritos. – Audición dun texto oral e identificación de afirmacións verdadeiras e falsas sobre o seu contido.	2. Identificar e interpretar o contido ou as informacións máis relevantes dun texto oral.	2.1 Interpreta textos orais e realiza actividades de comprensión.	CAA

BLOQUE 2

Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprend.	C.Clave
– Uso de expresións básicas de comunicación oral: pedir a idade, a nacionalidade e as preferencias persoais. – Repetición e reprodución de textos orais. – Asimilación e aplicación de estruturas de presentación en diferentes situacións da vida cotiá. – Reprodución coa pronunciación e entoación axeitadas dos números do 21 ao 69. – Repetición de palabras con acento tónico. – Descrición de elementos de imáxenes e ilustracións.	1. Reproducir e empregar estruturas propias da lingua oral en situacións cotiás.	1.1 Comunícase empregando fórmulas para presentarse, preguntar ou dialogar. 1.2 Reproduce e repite palabras, letras ou grupos de letras que escoitou previamente.	CSC CAA

BLOQUE 3			
Contidos	**Crit. de Avaliación**	**Estánd. de Aprend.**	**C.Clave**
– Lectura de diálogos e conversacións. – Comprensión de bandas deseñadas e textos sinxelos ilustrados sobre situacións da vida cotiá. – Identificación da veracidade ou falsedade de afirmacións relativas a un texto. – Lectura comprensiva de textos expositivos. – Asociación de imáxenes co contido de textos.	1. Interpretar o contido de textos escritos de diversa tipoloxía.	1.1 Relaciona textos coas ilustracións que o acompañan e interpreta bandas deseñadas e textos discontinuos. 1.2 Relaciona textos coas ilustracións que o acompañan e interpreta bandas deseñadas e textos discontinuos.	CAA CAA
BLOQUE 4			
Contidos	**Crit. de Avaliación**	**Estánd. de Aprend.**	**C.Clave**
– Escritura correcta do nome de materias escolares. – Escritura de fórmulas para pedir informacións persoais. – Compleción de actividades sobre os pronomes persoais e os adxectivos posesivos. – Uso de tempos do presente de Indicativo do verbo *avoir* e os verbos do terceiro grupo.	1. Redactar textos de diversa tipoloxía e dificultade relacionados coa vida cotiá ou a actividade académica.	1.1 Coñece nomes de uso cotián e reprodúceos con corrección ortográfica. 1.2 Escribe frases e textos breves sobre temas ou situacións da vida cotiá.	CAA CSC

Estándares de Aprendizaxe e Descriptores para o seguimento dos Estándares

BLOQUE 1	
Estándares de Aprendizaxe	**Descriptores**
1.1Escoita e asimila o nome de elementos do entorno..	– Recoñece e memoriza o nome de distintos países do mundo e os seus continentes. – Escoita e recoñece o nome de distintas nacionalidades coa axuda das imáxenes.
.2Recoñece e asimila a pronunciación de letras e grupos de letras.	– Coñece a pronunciación dos ordinais dende o número vinteún ata o sesenta. – Comprende e asimila formas de comunicación para preguntar a idade e a nacionalidade. – Identifica e diferencia palabras cunha pronunciación moi similar.
2.1Interpreta textos orais e realiza actividades de comprensión.	– Escoita diálogos e identifica a veracidade ou falsedade de afirmacións sobre os mesmos.
BLOQUE 2	
Estándares de Aprendizaxe	**Descriptores**
1.1Comunícase empregando fórmulas para presentarse, preguntar ou dialogar.	– Coñece e emprega as fórmulas habituais para dar e pedir informacións persoais. – Pregunta a nacionalidade empregando correctamente a estrutura da interrogación. – Describe oralmente as imáxenes que acompañan un diálogo.
1.2 Reproduce e repite palabras, letras ou grupos de letras que escoitou previamente.	– Reproduce oralmente distintas palabras colocando correctamente o acento tónico. – Repite palabras de uso cotián que escoitou previamente.
BLOQUE 3	
Estándares de Aprendizaxe	**Descriptores**
1.1Relaciona textos coas ilustracións que o acompañan e interpreta cómics e textos discontinuos.	– Le un cómic axudándose dos dibuxos e elementos visuais para comprender o texto. – Asocia o nome dunha nacionalidade coa imaxe representativa correspondente. – Relaciona imáxenes de iconos nacionais de Francia coa súa descripción escrita.
1.2Relaciona textos coas ilustracións que o acompañan e interpreta cómics e textos discontinuos.	– Le un diálogo sobre o colexio e identifica a veracidade de afirmacións sobre o seu contido.

BLOQUE 4	
Estándares de Aprendizaxe	**Descriptores**
1.1Coñece nomes de uso cotián e reprodúceos con corrección ortográfica..	– Escribe o nome de materias escolares reproducidas en imáxenes. – Escribe os nomes dos elementos representativos de Francia que aparecen nas imáxenes.
1.2 Escribe frases e textos breves sobre temas ou situacións da vida cotiá..	– Completa un correo electrónico coas palabras propostas. – Reescribe distintas frases transformándoas en modo negativo.

Metodoloxía: Actividades e estratexias de ensino e aprendizaxe

Traballarase a comprensión oral mediante a audición de varios diálogos que servirán para familiarizarse coas expresións de uso habitual referidas á procedencia xeográfica das persoas ou á descrición das materias.

Resolución de exercicios relacionados coa súa comprensión e reprodución de diálogos para mellorar a dicción da lingua francesa. Profundarase nesta competencia coa pronuncia dos números do vinte e un ao sesenta e nove.

Traballarase con textos explicativos sobre o significado dos acentos tónico e ortográfico e pronunciaranse palabras para ilustrar a súa función.

Traballarase o vocabulario básico relacionado co nome dos países e dos seus habitantes mediante a audición de textos orais e a súa identificación nun mapamundi ou a observación de bandeiras e debuxos. Podemos ilustrar este aspecto xeral coa lectura e observación de elementos característicos da civilización francesa.

Analizaranse varios aspectos da gramática francesa mediante exercicios de compleción de frases, detección e corrección de erros e relación e ordenación de elementos: identificación dos pronomes persoais tónicos; recoñecemento e uso dos adxectivos posesivos; comprensión do mecanismo de formación da negación e a interrogación, así como do feminino; e conxugación do presente de indicativo do verbo avoir e dos verbos do terceiro grupo.

UNIDADE 3

Obxectivos didácticos

Responder o teléfono e saber presentarse.
Preguntar por teléfono por outra persoa.
Invitar a alguén.
Aprender a aceptar o rexeitar unha invitación.
Pedir e dar explicacións sobre algunha cuestión.
Pedir a hora e saber dala.
Aprender a aceptar ou rexeitar unha invitación.
Aprender o vocabulario de uso habitual para describir unha persoa.
Aprender o nome dos meses do ano.
Saber contar do setenta ao cento un.
Saber cuáles son os finais de palabra que non se pronuncian.
Saber empregar as fórmulas: *Ce/Il + être*; *Qui est-ce? C'est, ce sont*…; *Qu'est-ce que c'est? C'est, ce sont*…
Coñecer a función das fórmulas *Être là – Il y a*…
Saber preguntar e responder mediante as fórmulas *Pourquoi…? Parce que*…
Coñecer a maneira de formar o feminino.
Familiarizarse co uso dos artigos contraídos.
Conxugar os verbos *faire* e *pouvoir*.
Coñecer as principais festividades que se celebran en Francia durante o ano.

Contidos, Criterios de Avaliación, Estándares de Aprendizaxe e Competencias Clave por Bloques

BLOQUE 1

Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprend.	C.Clave
– Familiarización co léxico propio da descripción física a partir da escoita de audios con soporte escrito. – Comprensión e asimilación da forma de responder ao teléfono, presentarse ou invitar a alguén. – Escoita activa dos nomes dos meses do ano.	1. Recoñecer léxico oral de uso común en entornos inmediatos e situacións de a vida cotiá.	1.1 Escoita e asimila o nome de obxectos de entornos inmediatos. 1.2 Recoñece e asimila a pronunciación de letras e grupos de letras.	CAA CAA
REFERENCIAS SONORAS, ACENTO, RITMO E ENTOACIÓN. Coñece, comprende e sabe pronunciar os sons propios da lingua francesa cun mínimo de corrección que permita a comunicación e produce mensaxes orais adaptadas á situación de comunicación concreta, empregando o ritmo e a entoación axeitados.

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS

1ª avaliación: unidades 1,2,3,4,5 (Repaso e afondamento).

2ª avaliación: unidades 6,7

3ª avaliación: unidades 8,9

Aínda que se tentará levar a cabo, esta previsión pode verse alterada por diversos factores, como son:

- O nivel de rendemento xeral do grupo/clase, que pode esixir a insistencia nalgún ou algúns dos contidos a aprender antes de abordar os seguintes, coa consecuente ralentización na evolución temporal programada.
- A reducción do número de sesións programadas por causa de días festivos, pontes, folgas, asistencia do alumnado a actividades complementarias, etc.

SECUENCIACIÓN:

Os tempos serán flexibles en función de cada actividade e das necesidades de cada alumno, que serán quen marque o ritmo de aprendizaxe. Tendo en conta que o curso ten aproximadamente 35 semanas, e considerando que o tempo semanal asignado a esta materia é de 3 horas, sabemos que no curso haberá ao redor de 105 sesións. Podemos, pois, facer unha estimación da repartición do tempo por unidade didáctica, tal e como se detalla a continuación:

PRIMEIRO TRIMESTRE	Mínimo: 32 horas	Máximo: 35 horas
Actividades de introducción	6	6
Unidades 1,2,3,4 (repaso)	11	13
Unidade 5 (repaso e afondamento)	13	14
Avaliación das competencias	2	2
SEGUNDO TRIMESTRE	Minimo: 32 horas	Máximo: 35 horas
Unidade 6	15	16
Unidade 7	15	17
Avaliación das competencias	2	2
TERCEIRO TRIMESTRE	Mínimo: 32 horas	Máximo: 35 horas
Unidade 8	15	16
Unidade 9	15	17
Avaliación das competencias	2	2

Terase en conta o tempo que é necesario empregar para o repaso e a preparación das probas, así como a súa corrección na aula. Estos períodos estarán comprendidos nas horas restantes necesarias para completar as 105 programadas para o presente curso.

AVALIACIÓNS

AVALIACIÓN INICIAL

- Antes de abordar os contidos novos correspondentes ao curso actual, realizaranse actividades de comprensión e expresión orais e escritas, así como gramaticais e de vocabulario, para reactivar e reforzar os coñecementos adquiridos previamente polos alumnos.

- Ademais o profesor poderá facer, despois de repasar os contidos do curso anterior, unha proba oral e/ou escrita das competencias adquiridas en fases anteriores e elaborada a partir dos estándares para axustar a programación de aula ás situacións reais de aprendizaxe.

- A avaliación inicial, que sexa feita de maneira informal (oralmente) ou máis formal permítelle ao profesor establecer o perfil da súa clase.

- A unidade 0 do libro do alumno e do caderno de exercicios contribúe a este fin:

No nivel 1, o que mide a unidade 0 son fundamentalmente perfís e actitudes.

Nos niveis seguintes, mide ademais o «nivel» das competencias adquiridas en fases anteriores.

- A unidade 0 así como as actividades propostas polo profesor ao principio do curso axudan a activar ou a reactivar coñecementos e competencias e, no seu caso, a determinar as medidas de reforzo e recuperación para alumnos que o necesiten.

AVALIACIÓN CONTINUA

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

Para comprobar o grao de consecución dos obxectivos xerais, empregaranse os seguintes **procedementos e instrumentos de avaliación:**

- *Habilidades comunicativas:*

Para avaliar a comprensión e expresión orais, realizaranse actividades do tipo: *Écoute et complète – Écoute et associe - Demande… à un/une camarade - Pose des questions à ton/ta camarade - Sondages – Questionnaires – Jeux de rôle - Imagine des dialogues – Compléter des textes à trous – Fais des phrases – Réponds aux questions – Vrai ou Faux … así como as instruccións do profesor na aula: Ouvrez vos cahiers – Allez à a page… - Prenez votre livre – Sortez au tableau*, etc.

A avaliación da capacidade para desenvolverse oralmente en situacións interactivas e o emprego de recursos que aseguren a comunicación co interlocutor farase mediante a lectura expresiva en voz alta, a expresión de opinións persoais, a escenificación de diálogos, as sondaxes, entrevistas e cuestionarios, xogos de memorización, etc.

Poderanse tamén facer probas de comprensión oral. As probas consistirán na escoita de de documentos auténticos ou elaborados para a ocasión, relacionados co aprendido, con emprega do tipo *Vrai/Faux – Choisis la réponse correcte – Complète la phrase*…

Para avaliar a comprensión escrita as probas versarán sobre textos auténticos ou creados para a clase, sinxelos, de extensión limitada e adaptados ao nivel de coñecementos dos alumnos. As actividades serán do tipo: *Lis et complète- Lis et associe – Lis et trouve – Lis et réponds aux questions*… así como actividades de *vrai/faux*, preguntas de comprensión, búsqueda da idea principal, recoñecemento do tipo de texto, etc.

Poderanse facer probas que consistirán na lectura individual e silenciosa dun texto auténtico ou elaborado para a ocasión, de dificultade adaptada ao nivel de lingua dos alumnos e relacionado co aprendido, no que se proporá responder a preguntas sinxelas sobre a información principal ou específica do texto, *vrai/ faux*, etc.

A avaliación da capacidade para comunicarse por escrito de forma ordenada, empregando un nivel de lingua axeitado á situación de comunicación, coa debida corrección que non afecte ó esencial da mensaxe farase aténdose á capacidade amosada polos alumnos para redactar textos sinxelos relativos ás principais intencións comunicativas e respectando as convencións da comunicación escrita (signos de puntuación, cohesion e coherencia do texto). Actividades para avaliar este aspecto serían as do tipo*: Recopie et complète – Invente des conversations – Écris un message – Écris une lettre*… así como a elaboración de cuestionarios, anuncios, redaccións sobre temas diversos, resumos, traballos sobre temas propostos, etc. O Caderno de exercicios tamén contará como un mecanismo de avaliación do escrito.

- *Reflexión sobre a lingua:*

Para avaliar os coñecementos que o alumno ten sobre a lingua farase, como mínimo, unha proba escrita ao final de cada avaliación na que os alumnos terán que demostrar os seus coñecementos dos aspectos gramaticais tratados nos diferentes temas.

- *Aspectos socio-culturais.*

A avaliación dos alumnos para recoñecer e apreciar os aspectos socioculturais farase aténdose á súa capacidade para empregar os datos que aparecen nos textos, a súa actitude ante informacións con carga sociocultural, a captación doutras normas e valores sociais (hábitos cotiáns, lecer, familia, gastronomía, etc) e ou respecto polos mesmos.

Tanto en cada avaliación como ao termo do curso, valorarase ou grao de consecución dos obxectivos programados.

As cualificacións incluirán todas as destrezas do aprendizaxe e serán ou resultado de:

- probas obxectivas (gramaticais, de comprension e expresión oral e escrita)
- tarefas realizadas na aula e na casa (deberes)
- traballos entregados respectando os prazos previstos
- interacción na aula
- interese pola asignatura e pola aprendizaxe
- interese por participar de forma voluntaria nas actividades propostas
- interese por empregar a lingua francesa como medio de comunicación na aula
- capacidade para traballar en grupo de xeito colaborativo
- respecto polas intervencións dos demais

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Ademais dos criterios mencionados anteriormente en cada nivel, queremos destacar o seguinte:

NA E.S.O

Para cualificar ao alumno na etapa de ESO, atenderáse aos seguintes aspectos:

- **Os contidos** representarán o **70%** da nota total. Estes contidos veranse nos exames. Relizarase, polo menos, un exame escrito en cada avaliación, no que os alumnos e alumnas terán que demostrar os seus coñecementos dos aspectos de vocabulario, gramática e comunicación estudados.
- A avaliación da lectura do libro obrigatorio en 4º ESO (proba de comprensión e expresión escrita) representará un 10% desta nota na 3ª avaliación:
- En determinados momentos o profesor poderá facer a maiores pequenos exames orais ou escritos (controis puntuais) dunha parte concreta da materia dunha unidade cando o considere necesario para afianzala.
- Ao longo do curso, sempre que o profesor o considere conveniente, poderánse realizar diferentes probas de comprensión e expresión oral e escrita.
- **As tarefas realizadas na aula e na casa** (cahier d'exercices, caderno persoal, material fotocopiable, etc) suporán o **10%**, que se refire ao bloque de contidos de expresión e comprensión escrita.
- **A expresión e comprensión oral**, que será avaliada ao longo do trimestre nas diferentes sesións de clase, será tamén o **10%** da nota. Terase en conta a capacidade do alumno por entender a información esencial das mensaxes orais presentadas na aula así coma o seu interese por producir mensaxes orais cun mínimo de corrección e adaptación ao contexto que permita a súa comprensión.
- **As actitudes representarán o 10%** da nota final. Neste apartado valorarase o interese persoal do alumno tanto pola materia coma pola aprendizaxe, o interese persoal do alumno por empregar a lingua francesa como medio de comunicación na aula, a participación activa e voluntaria na aula cando así lle sexa requirido, a capacidade para traballar en grupo de xeito colaborativo e o respecto polas intervencións dos demáis.

.

Estes criterios, xunto cos procedementos e instrumentos de avaliación correspondentes, resúmense no seguinte cadro:

Procedemento	**Instrumento**	**% cualificación**
- Tarefas realizadas na aula e na casa (deberes)	*Exercicios do libro do alumno, do Cahier d'exercices* e caderno persoal do alumno. Traballos do alumnado, entregados respectando os prazos previstos e a correcta presentación. Fichas diversas proporcionadas polo profesor.	10%
- Interacción na aula en tarefas de comprensión e expresión oral.	Situacións de comunicación diversas propostas na aula.	10%
- Interese pola asignatura e pola aprendizaxe - Interese por participar de forma voluntaria nas actividades propostas - Capacidade para traballar en grupo de xeito colaborativo - Respecto polas intervencións dos demais .	Observacións e notas dos profesores no caderno de clase.	10%
Procedemento	**Instrumento**	**% cualificación**
Probas escritas e orais teórico-prácticas	Véxase apartado:procedementos e instrumentos de avaliación.	70%

NO BACHARELATO

Para cualificar ao alumno na etapa de ESO, atenderáse aos seguintes aspectos:

- **Os contidos** representarán o **80%** da nota total. Estes contidos veranse nos exames. Relizarase, polo menos, un exame escrito en cada avaliación, no que os alumnos e alumnas terán que demostrar os seus coñecementos dos aspectos de vocabulario, gramática e comunicación estudados . En determinados momentos o profesor poderá facer a maiores pequenos exames orais ou escritos (controis puntuais) dunha parte concreta da materia dunha unidade cando o considere necesario para afianzala.

  Ao longo do curso, sempre que o profesor o considere conveniente, poderánse realizar diferentes probas de comprensión e expresión oral e escrita.
- **As tarefas realizadas na aula e na casa (**cahier d'exercices, caderno persoal, material fotocopiable, etc.) suporán o **10%**, que se refire ao bloque de contidos de expresión e comprensión escrita.
- **As actitudes representarán o 10%** da nota final. Neste apartado valorarase o interese persoal do alumno tanto pola materia coma pola aprendizaxe, o interese persoal do alumno por empregar a lingua francesa como medio de comunicación na aula, a participación activa e voluntaria na aula cando así lle sexa requirido, a capacidade para traballar en grupo de xeito colaborativo e o respecto polas intervencións dos demáis.

.

Procedemento	**Instrumento**	**% cualificación**
- Tarefas realizadas na aula e na casa (deberes)	*Exercicios do libro do alumno, do Cahier d'exercices* e caderno persoal do alumno. Fichas diversas proporcionadas polo profesor. Traballos do alumnado, entregados respectando os prazos previstos e a correcta presentación.	10%
- Interacción na aula - Interese por empregar a lingua francesa como medio de comunicación na aula, cun mínimo de corrección que permita a comunicación e co nivel de lingua axeitado	Situacións de comunicación diversas propostas na aula. .	10%

- Interese pola asignatura e pola aprendizaxe - Interese por participar de forma voluntaria nas actividades propostas - Capacidade para traballar en grupo de xeito colaborativo - Respecto polas intervencións dos demais	Observacións e notas dos profesores no caderno de clase. Valorarase o comportamento na aula, tanto co profesor como cos demais compañeiros, e a participación oral cando sexa requerida.	
Procedemento	**Instrumento**	**% cualificación**
Probas escritas e orais teórico-prácticas	Véxase apartado: procedementos e instrumentos de avaliación.	80%

OBSERVACIÓNS:

- En cada avaliación realizarase, polo menos, unha proba escrita na que os alumnos terán que demostrar os seus coñecementos dos aspectos de vocabulario, gramática e comunicación estudados.
- Só se repetirá o exame ao alumno que falte o día marcado previamente, se a ausencia é por motivos de saúde e vén apoiada por un xustificante médico.
-Realizaranse tamén, ao longo do curso, dependendo dos niveis, diferentes probas de comprensión e expresión oral e escrita.
- Aqueles alumnos que non acaden resutados positivos nas avaliacións, poderán recuperar a materia da seguinte maneira:

  - Alumnos que supendan a 1ª avaliación: recuperación na 2ª avaliación.
  - Alumnos que supendan a 2ª avaliación: recuperación da 2ª avaliación na 3ª avaliación.
  - Alumnos que suspendan a 3ª avaliación: recuperación na 3ª avaliación.

- O exame ou os exames de cada avaliación teñen que ser aprobados. Se non están aprobados, os alumnos farán unha recuperación.
- A nota que aparecerá no boletín de notas de cada trimestre será a nota do exame suspenso máis a ponderación.
- A nota do exame superado terase en conta para o cálculo da nota final de xuño que será a nota de cada avaliación (exames máis ponderación de 30% na ESO e de 20% no Bachalerato), dividida por tres.

- Se os resultados do alumno non son positivos ao longo do curso, será avaliado globalmente en **setembro,** mediante unha proba escrita na que deberá demostrar que domina, polo menos, un 50% dos contidos mínimos correspondentes ao curso do que se trate.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

A aqueles alumnos e alumnas que non obtivesen resultados positivos na avaliación ordinaria facilitaráselle toda a información que demanden (contidos mínimos, tipo de exame, actividades de reforzo, etc) para axudalos a superar a avaliación extraordinaria.

A proba de avaliación extraordinaria será a mesma para os distintos grupos do mesmo curso. Poderá constar de preguntas de vocabulario, gramática, aspectos comunicativos, comprensión escrita e expresión escrita. Elaborarase a partir dos contidos mínimos esixibles.

RECUPERACIÓN DE MATERIA PENDENTE

- Alumnos que promocionan coa materia pendente e seguen cursando Francés.

poderán recuperar a materia directamente, sen ter que facer ningunha proba específica de recuperación, se obteñen resultados positivos nas dúas primeiras avaliacións. O profesor apoiaraos e prestaralles unha atención especial, facilitándolles material complementario se é preciso, para que poidan superar as súas deficiencias.

- Alumnos que promocionan coa materia pendente e non seguen cursando Francés.

A avaliación farase en dúas fases.

- 1ª fase: O departamento facilitaralles unha serie de exercicios escritos, estruturados en unidades, que deberán ir realizando ao longo do curso e entregar á xefa do departamento, dentro das datas indicadas, para a súa corrección. Para aprobar esta primeira parte será imprescindible que o alumno ou alumna amose interese por superar as dificultades que atope, cumprimente correctamente as actividades propostas e entrégueas dentro do prazo estipulado. A materia será dividida en dúas partes.

- 2ª fase: No mes de maio farase un exame global da materia. O exame será escrito e similar aos exercicios feitos polos alumnos coa materia de francés pendente e corrixidos pola xefa do departamento. Elaborarase a partir dos estándares mínimos esixibles.

Resumo:

- 1ª parte: exercicios mandados polo profesor ao longo do ano: 50%.
- 2ª parte: exame global en maio: 50%.

Para ser avaliado positivamente, os alumnos terán que aprobar cada parte.

- Para todos aqueles alumnos que non conseguisen superar a materia do xeito descrito nos puntos anteriores, haberá un proba de recuperación global en **setembro**.

ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS DA MATERIA (PARA 2º BACHARELATO)

No caso de querer cursar a materia de francés en 2º de bacharelato 1ª lingua ou 2ª lingua e non telo feito en 1º o alumnado afectado realizará unha proba, escrita, do nivel do exame final de 1º de bacharelato (1ª lingua ou 2ª lingua segundo sexa o caso) nas datas indicadas polo seu profesor.

Esta proba realizarase despois de repasar na clase os contidos do curso anterior.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E DA PRÁCTICA DOCENTE:

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

INDICADORES DE LOGRO

Esta programación é un documento flexible suxeito a cambios, xa que se sitúa no centro de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Polo tanto, o seu contido reformularase como mínimo despois de cada avaliación e de forma xeral, sempre que se estime necesario para que o alumno progrese na súa competencia comunicativa. O seguimento da programación realizarase mensualmente.

Ao longo de todo o curso, nas diferentes **reunións de departamento**, e especialmente despois de cada avaliación, reflexionarase sobre a práctica docente, coa finalidade de identificar posibles problemas no cumprimento da programación e propoñer modificacións, solucións ou ideas que revirtan na mellora da práctica docente e na consecución dos obxectivos previstos.

Na **memoria final** determinaranse os aspectos que se consideran positivos e negativos, e polo tanto o que hai que modificar ou manter.

A programación didáctica e a práctica docente avaliaranse a partir dos indicadores de logro que se expoñen a continuación:

LOGRO – NIVEL 1: Logro non alcanzado.
LOGRO – NIVEL 2: Logro básico.
LOGRO – NIVEL 3: Logro medio.
LOGRO – NIVEL 4: Logro avanzado.

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				

5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación…				

Indicadores de logro da programación didáctica

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto .				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En toda clase hai alumnos con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, polo que se terá como obxectivo que todo alumno participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance ou éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

Nos métodos empregados existe un gran número de actividades para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado. O profesor prestará especial atención aos alumnos que presenten dificultades recomendándolles material do propio método ou proporcionándolles material complementario que conteña diversas suxerencias de actividades de reforzo. Así mesmo, o profesor proporcionará aos alumnos que o soliciten actividades de ampliación.

No caso de que haxa alumnos/as de Francés interesados en realizar as **probas do DELF,** o profesor do curso correspondente preocuparase de orientalos debidamente e entregaralles exercicios e modelos de exame destinados a preparar esta proba.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Considérase que os temas transversais son de grande importancia na escola e na aula pois permiten que o alumno se sensibilice por temas que están ao orde do día e porque é importante desenvolver nel facetas de tolerancia e respecto.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, constitúen un obxectivo básico da materia, e eríxense na base principal da actividade do alumnado.

O uso das tecnoloxías da información e a comunicación enténdese non só como un soporte para determinados compoñentes e ferramentas de aplicación na aula, senón pola súa función básica para a personalización da aprendizaxe, polas súas innumerables posibilidades didácticas, e pola conexión cos hábitos e experiencias das novas xeracións de alumnos.

Pero ademais, e segundo se indica no currículo, abordáranse ao longo do curso, a través de audicións, de diálogos e de textos temáticas como: A educación cívica e constitucional, a igualdade efectiva entre homes e mulleres, valores inherentes ao principio de igualdade e non discriminación, rexeitamento de calquera tipo de discriminación, resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida familiar, social e escolar, así como valores da paz, democracia e respecto. Evitaranse actitudes sexistas, xenófobas, etc. Así mesmo crearase na aula un clima de convivencia, respecto e boas actitudes para que transcendan á escola, familias, rúa...

Intentárase contribuír ao rexeitamento da violencia terrorista, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia, así como o respecto pola pluralidade e polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón de orientación sexual, favorecendo a visibilidade das diferentes realidades.

Tamén a través de varias actividades e tarefas farase unha análise crítica de hábitos de consumo, e de defensa do medio ambiente, e abordarase as situacións de risco derivadas do uso do TIC.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados coa educación e seguridade viaria e promoveranse accións para a prevención dos accidentes de tráfico: como respecto das normas e sinais, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol...

Finalmente fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido critico.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Partimos do convencimento de que os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

Prestarase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar en todos os cursos,

A maneira en que se entenden todos eles queda reflectida nos **obxectivos especificados** a continuación.

Educación para a convivencia

Persigue e concreta unha parte importante dos obxectivos de educación moral e cívica presentes en todo ocurrículo. Pretende educar para a convivencia no pluralismo mediante un esforzo formativo a través de dúas direccións:

- ✓ O diálogo como forma de solucionar as diferenzas.
- ✓ O respecto á autonomía dos demais.

Educación para a saúde

Parte dun concepto integral da saúde como benestar físico e mental, individual, social e medioambiental. Plantea dous tipos de obxectivos:

- ✓ Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das principais anomalías e enfermidades, e do modo de previlas ou curalas.
- ✓ Desenvolver hábitos de saúde: hixiene corporal e mental, alimentación correcta, deportes, ocio, prevención de accidentes, relación non pavorosa co persoal sanitario, etc.

Educación para a paz

Non pode disociarse da educación para a comprensión internacional, a tolerancia, o desarme, a non violencia, o desenvolvemento e a cooperación. Persigue estes obxectivos prácticos:

- ✓ Educar para a acción. As leccións de paz, a evocación de figuras e o coñecemento de organización comprometidos coa paz deben xerar estados de conciencia e conductas prácticas.
- ✓ Entrenarse para a solución dialogada de conflictos no ámbito escolar. Expresar e respectar opiniones.
- ✓ Xerar na aula situacións comunicativas distendidas.

Educación do consumidor

Plantea, entre outros, estes obxectivos:

- ✓ Adquirir esquemas de decisión que consideren todas as alternativas e os efectos individuales, sociais, económicos e medioambientais.
- ✓ Desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado, así como dos dereitos do consumidor e as formas de facelos efectivos.
- ✓ Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa críticamente ante o consumismo e a publicidade.

Educación non sexista

A educación para a igualdade plantéase expresamente pola necesidade de crear desde a escola unha dinámica correctora das discriminacións. Entre os seus obxectivos están:

- ✓ Analizar críticamente a realidade e correxir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe.
- ✓ Adquirir habilidades e recursos para realizar calquera tipo de tarefas, domésticas ou non.
- ✓ Consolidar hábitos non discriminatorios.
- ✓ Desenvolver a autoestima e unha concepción do cuerpo como expresión da personalidade.

Educación ambiental

Entre os seus obxectivos atópanse os seguintes:

- ✓ Adquirir experiencias e coñecementos suficientes para ter unha comprensión dos principais problemas ambientais.
- ✓ Desenvolver conciencia de responsabilidade respecto do medio ambiente global.
- ✓ Desenvolver capacidades e técnicas de relacionarse co medio sen contribuír ao seu deterioro, así como hábitos individuais de protección do medio.

Educación vial

Propón dos obxectivos fundamentais:

- ✓ Sensibilizar ao alumnado sobre os accidentes e outros problemas de circulación.
- ✓ Adquirir conductas e hábitos de seguridade vial como peóns e como usuarios de vehículos.

Educación para Europa

Os seus obxectivos principais son:

- ✓ Adquirir unha cultura de referencia europea en xeografía, historia, linguas, institucións, etc.
- ✓ Desenvolver a conciencia de identidade europea e a asunción progresiva da cidadanía europea.
- ✓ Preparar para a cooperación cívica, tecnolóxica e profesional entre os europeos.

Educación multicultural

A educación multicultural –ou intercultural– vén esixida pola crecente intercomunicación das culturas, e a fan máis urxente os brotes de racismo e xenofobia observados ante a crecente presenza entre nós de inmigrantes racial e culturalmente diferentes. Algúns dos seus obxectivos son os seguintes:

- ✓ Despertar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institucións e técnicas.
- ✓ Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios.

Aínda que as características da **materia de Lingua Francesa** permiten facer presentes algúns temas transversais dunha maneira máis evidente (educación para a convivencia, para Europa e educación multicultural), t**odos eles se van traballar na aula dunha ou otra forma nos catro cursos da ESO e no Bachalareto**:

TEMAS TRANSVERSAIS	TRATAMENTO NA AULA
Educación emocional	- Toma de conciencia das propias emocións (estados de ánimo ou sentimientos) e das alleas. - A través de diálogos fluidos, expresivos e receptivos, búsqueda da empatía cara os demais.
Educación para a convivencia	- A negociación na aula. - Expresión de opinións persoais. - Respeto polas opinións dous outros.
Educación para a saúde	- Vida sá: deportes e aficións, viaxes (formadores da personalidade).
Educación para a paz	- Búsqueda de información cara outro tipo de culturas e interese cara outras formas de vida. - Búsqueda de situacións inxustas de desigualdade no ambiente que os rodea e proposta de posibles solucións.
Educación do consumidor	- Análise da linguaxe verbal e non verbal na publicidade para chegar a ser consumidores responsables.
Educación non sexista	- A través do achegamento ao mundo da lectura, cómics, cine e publicidade, analizar críticamente a realidade e correxir prexuízos sexistas.
Educación ambiental	- Debates sobre a protección do medio ambiente. - Búsqueda de solucións para conseguir un planeta máis “san”.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A aprendizaxe da Lingua Estranxeira: Francés na etapa da ESO e BACHARELATO debe contribuír á adquisición, por parte dos alumnos e das alumnas, das competencias clave, tal e como se recolle no Real Decreto 1105/2014 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

Ademais da **competencia comunicativa**, que constitúe a esencia da materia e que é a mais traballada por tratarse da aprendizaxe dun idioma, a ensinanza e o aprendizaxe da Lingua francesa contribúe a desenvolver as competencias clave, debido a que o ensino dunha lingua viva conduce inevitablemente a abordar realidades transversais e interdiciplinares.

Algunhas desas competencias asócianse inevitablemente co enfoque que se lle da na clase a lingua francesa (competencia dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, competencia de conciencia e de expresións culturais), outras son menos centrais, pero todas se abordan e se requiren do alumno un mínimo de toma de conciencia e unha actitude favorable.

Competencia en comunicación lingüística:

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dunha maneira directa, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Os alumnos empregarán a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, desenvolvendo esta competencia en todas as unidades.

Esta competencia é a de maior relevancia que pode adquirirse nesta materia, xa que está orientada a adquisición de destrezas e actitudes propias das habilidades comunicativas. Intentarase crear actitudes que fomenten o diálogo entre alumnos e alumnas, que aprendan escoitar e a dialogar.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

Ademais de empregar números e as súas operacións básicas, forma parte da competencia matemática ou razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e ahabilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

Competencia dixital:

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

A competencia dixital está no centro da aprendizaxe do francés, xa que o longo do curso empréganse medios visuais, auditivos, así como ordenadores, para desenvolver diversas tarefas. Esta competencia é sobre todo, instrumental: nas diferentes unidades contamos con elementos dixitais que serán manexados polos alumnos ou ante eles para complementar e/ou reforzar o aprendido na aula.

Competencia para aprender a aprender:

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada alumno e cada alumna identifiquen como aprenden mellor e que estratexias nos fan máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

Competencias sociais e cívicas:

As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes da mesma. Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade como as diferenzas.

Na aula, os alumnos deben respectar as regras de cortesía, saudarse, respectar as quendas de palabra, escoitar os demais, respectar os seus esforzos para facerse entender a pesar das dificultades da lingua…

A través das actividades, aprenden a respectar as nocións fundamentais do individuo, do grupo, da organización do traballo, da igualdade entre homes e mulleres, de sociedade e de cultura, o cal fomenta actitudes de comprensión, tolerancia e non discriminación.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida en que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo a outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, por tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

Conciencia e expresións culturais:

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modoos lingüísticos que se empregan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, por tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

A competencia en conciencia e expresión culturais implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Ao aprender a lingua francesa, estudiase tamén a cultura e a arte, xa que son a máxima expresión da súa civilización. A ilustración dos contidos lingüísticos ou comunicativos, con imaxes ou con fragmentos de obras literarias, é un recurso óptimo xa que proporciona ao alumno unha visión mais completa das posibilidades expresivas da lingua francesa, así como de algunhas das súas manifestacións culturais mais representativas. Ao longo das diferentes unidades os alumnos descobren diferentes elementos do patrimonio cultural en Francia.: monumentos, cidades, cómics, personaxes famosos, marcas, museos…

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN LECTOR

A adquisición de hábitos lectores é un proceso que se remonta ao mesmo instante en que se aprende a ler e que se consolida ao longo da vida académica do alumno, na que este vai adquirindo autonomía e hábitos lectores estables.
Neste proceso, a motivación é un elemento clave.

Partindo das premisas expostas, os obxectivos da materia de Francés para contribuír ao fomento dos hábitos lectores son os seguintes:

- Potenciar o gusto pola lectura e as habilidades de lectoescritura desde a certeza que son o alicerce de calquera aprendizaxe significativa.

- Deseñar estratexias de intervención que se traduzan en propostas lúdicas e participativas.

- Harmonizar o plan de lectura co nivel de cada curso ou grupo e integralo na dinámica cotiá da aula.

- Crear ambientes que favorezan o desexo de ler e axuden a concibir a lectura como unha actividade pracenteira.

- Presentar a lectura e a escritura como fontes de coñecemento e de enriquecemento lingüístico e persoal indispensables na sociedade da información.

- Animar a afección pola lectura mediante unha selección de obras que considere o nivel formativo, as preferencias e os intereses dos estudantes.

- Desenvolver o gusto por ler de forma expresiva e dramatizada.

- Estimular a elaboración propia de textos a través da lectura comprensiva de modelos, así como o interese por compartir e comentar estas creacións individuais.

- Promover a sensibilidade, a imaxinación, a creatividade e as habilidades críticas e interpretativas desde enfoques individuais que partan dun diálogo aberto coas obras e cos outros lectores.

- Incentivar reflexións argumentadas e coherentes sobre a forma e o tema das lecturas que sirvan para definir miradas persoais que respecten unha base textual.

- Suscitar a análise e a vivencia estética das manifestacións literarias.

- Fomentar o uso da biblioteca como espazo privilexiados de aprendizaxe e goce.

- Impulsar un uso produtivo das TIC que permita localizar e seleccionar datos e informacións de maneira áxil e eficiente, empregando as novas tecnoloxías como instrumentos de motivación, de comunicación e de acceso á lectura.

Coa finalidade de acadar os obxectivos expostos, realizaránse as seguintes accións:

- Lectura de prensa, xornais e revistas, nun nivel de lingua adaptado ao nivel de coñecemento dos alumnos e que traten temáticas vistas en clase, de actualidade ou do seu interese.

- Lectura de Bandas Deseñadas ou fragmentos de Bandas Deseñadas.

- Textos curtos de distinto tipo que o profesor considere axeitados polo seu contido ou forma.

- **Lectura obrigatoria do libro de nivel 4 para o alumnado de 4º de ESO " Photos de nuit "de Thierry Gallien (ed.Santillana)** : O libro será facilitado aos alumnos/as polo departamento e/ou a Biblioteca do centro.

- Todas as lecturas que a título individual queira facer calquera alumno. Recomendáranselles aos alumnos lecturas adaptadas ao seu nivel de lingua e facilitáranselle as existentes na biblioteca ou no departamento.

- Uso das TIC como ferramenta de búsqueda e acceso á lectura.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Asistencia á representación dunha obra de teatro para o alumnado de 3º, 4º da ESO e 1º de bacharelato .

Intercambio cultural con Francia, para o alumnado de 1º de bacharelato.

Aquelas outras actividades que poidan xurdir ao longo do curso e que o departamento considere de interese didáctico.

Esta programación didáctica foi aprobada por tódolos membros do departamento de francés.

En Ourense, outubro de 2018

A xefa do departamento: Sophie Monboisse